

# Un lexendario gaiteiro das Mariñas: O Vello Rilo

XESÚS TORRES REGUEIRO\*



*Gravado que aparecía na contracapa da publicación ourensá  
"O Tío Marcos da Portela" a partir de 1884.*

## INTRODUCCIÓN

Está aínda por facer a historia dos gaiteiros galegos, músicos populares que cumpriron un importante papel na sociedade galega tradicional como animadores de festas, romarías e demais acontecementos máis ou menos lúdicos e festivos.

Este baleiro no estudo da nosa historia e da nosa cultura resulta moito máis chamativo ó se-lo gaiteiro unha das figuras que representan e encarnan a expresión viva da nosa cultura popular.

Unha das razóns desta falla pode estar no feito de terse convertido o gaiteiro moitas veces nun personaxe anónimo. O gaiteiro incardínase de tal xeito na súa comunidade que chega a trocar en moitos casos o seu nome e apelidos polo da súa parroquia ou lugar de orixe, sendo aqueles descoñecidos da maioría da xente: os gaiteiros de Penalta, Ventosela, Baio, Soutelo ..., son exemplos desta asimilación. A desaparición do gaiteiro e o paso dos anos convirten moitas veces a súa figura nunha lenda, no caso dos que tiveron máis sona. Deste esquecemento da figura física e do andar vital dos gaiteiros só se salvaron os dous que máis sona acadaron en Galicia nos séculos XIX e XX. A "Ventosela" dedicoulle varios artigos biográficos Xesús Alonso Montero e o de Soutelo (Avelino Cachafeiro Bugallo, 1898-1972) foi estudado nunha cumprida biografía por Xosé Manoel Rivas Troitiño (1).

O máis antigo gaiteiro galego do que se ten referencia é Johan Gonçalves, que se

\* Xesús Torres Regueiro é betanceliro, profesor de Ensino Xeral Básico e investigador de temas históricos dos s. XIX e XX.

(1) "O gaiteiro de Soutelo. (Unha expresión da cultura popular)". A Coruña, 1977.

saíu do anonimato non foi precisamente pola súa función musical, senón por aparecer como testemuña nunha escritura de venta no ano 1374 (2). Parece ser que era das terras de Monfero, se ben hai quen dí que era da parroquia de Santa María de Labrada, limítrofe con aquel concello mais xa en terras de Trasparga, no actual concello de Guitiriz.

Dende ese lonxano século XIV innumerables gaiteiros anónimos, que se houberon contentar coa efímera gloria local, poboaron o noso chan –con máis ou menos fortuna– de sons e melodías arrincadas á gaita, animando as escasas xornadas de rexouba e ledicia festeira. Como dí Otero Pedrayo: "*O gaiteiro fálalle ós homes d'unha raza fina, esperimentada n'unha paisaxe humán todo il fogar do esprito, i-asegún toca eispresa primitivismo e requintamento, lembranza i-esperanza, forza e matís*" (3).

## A FUNCIÓN DO GAITEIRO

O gaiteiro popular foi na sociedade galega tradicional unha figura indispensable en tódalas reunións festivas da caste que foran: festas patronais, romarías, foliadas, fiadas, xuntanzas nos turreiros aldeáns ...

Nos séculos XVI e XVII o gaiteiro é moitas veces unha figura institucionalizada. Gremios, cofradías, concellos, grandes señores..., contratan de por vida ou por anos determinados a gaiteiros que se convirten así no gaiteiro oficial da entidade ou señor. En Ribadeo, por exemplo, o gaiteiro era elexido en concello aberto, sendo usual que o cargo pasara de pais a fillos, mostra da súa importancia social e do grao de institucionalización que acadara.

Pérez Constanti publicou dous documentos interesantes do século XVI sobre este tema: Nun de 1517, a cofradía de San Nicolás de Noia contrata diante do escribano da vila ó gaiteiro Xan Rivas do Mar para tocar na festa do seu patrón "*nos días de vida do gaiteiro*". O outro, de 1577, recolle o estipendio que pagaban en Bouzas por toca-la gaita e a caixa no día e víspera de Corpus: 34 réas, o xantar e a bebida (4). Este interés das cofradías por contar con gaiteros para as súas funcións contrasta coas constantes prohibicións das autoridades eclesiásticas que impedían moitas veces o toque da gaita na igrexa, no adro e durante a procesión.

Mais, xa se deixa ver que, por moi institucionalizado que sexa, o gaiteiro ten moi pouca actividade oficial ó longo do ano. O máis do tempo o gaiteiro cumpre a función de animador en xuntanzas populares, foliadas e fiadas da súa bisbarra, nas que todo o máis se paga a súa actuación cun convite ou en especies, cando de celebracións relacionadas coas colleitas se trataba. Tamén adoita actuar nalgunhas ceremonias familiares importantes, como nas vodas. Neste senso existía nalgúns lugares o costume de paga-los noivos un gaiteiro o domingo seguinte á voda para aledar ós veciños. A omisión deste requisito podía dar lugar a cinzarradas que sufría en castigo a nova parella.

Normalmente, a sonda do gaiteiro raramente trascende os límites locais ou comarcais. As saídas e actuacións en puntos distantes da súa residencia non acostuman ser

(2) "Solo de gaita", por Ramón de Arana, en *Boletín de la Real Academia Gallega*, t.IV, núm. 43-45. A Coruña, 1912.


(3) R. Otero Pedrayo: "Un poema de A. Zapata García", en *El Pueblo Gallego*, Vigo, 11-X-1930.

(4) P. Pérez Constanti: "Notas viejas galicianas", t.II, px 127. Vigo, 1927.

M CASTRO LOPEZ

# ALMANAQUE GALLEGO

PARA 1912



*Un gaiteiro camiño da emigración. Acuarela na portada do  
"Almanaque Gallego para 1912".*

frecuentes, nunha época en que os gaiteiros proliferan por tódolos puntos do país e a deficiencia das comunicacións e camiños non favorecen os desprazamentos e os intercambios.

Só coa proliferación de certames de gaiteiros a partir do derradeiro tercio do século XIX nas principais cidades e vilas galegas, que van estimular a presenza dos mellores gaiteiros na procura dun premio, algúns deles van acadar sona en todo o país.

E falando dos premios e da súa importancia, pode servir como base o dato de que un primeiro premio dun certame importante viña equivaler ós ingresos dunhas cinco actuacións en festas, e paro iso dos gaiteiros mellor pagados. Sabemos que nas festas de Corcubión de 1899 un gaiteiro forasteiro cobrou 23 pesetas pola actuación, nómina que en 1910 xa se elevaba ás 30 pesetas. Mais esta non debía ser tarifa corrente, inflada neste caso pola distancia e os gastos de desprazamento.


No certame de Ourense de 1887 o primeiro premio eran 80 pesetas e o segundo a metade exactamente. No celebrado en Tui no 1890 dedicábanse 75 pesetas ó primeiro premio. Destes certames, o de máis sona era o que se celebraba en Compostela polas festas do patrón, e que –aparte dos cartos– podíalle supor ó gaiteiro triunfador o título extraoficial de mellor gaiteiro do país. No de 1885, organizado polo periódico satírico *El Ciclón*, había un premio de 100 pesetas –donado pola Deputación da Coruña– para o gaiteiro que mellor interpretara a Alborada. No de 1893, o primeiro premio –acadado precisamente polo gaiteiro que motiva este traballo– ascendía a 100 pesetas. Xa en 1924 o certame de Santiago, gañado polo famoso gaiteiro de Soutelo, contaba con 150 pesetas para o primeiro premio. Claro que ás veces ocorría que o premio consistía en especies varias, caso dun dos premios do certame de Vigo de 1888 que, segundo *O Tío Marcos da Portela* (5), consistía "en tres libras de pan trigo trinta días arreo, n-un queixo, unha botella de xerez y-en tres libras de salchichón". Que non estaba nada mal, en tempos de penuria, por máis que a publicación ourensá ironizara co feito: "chegar pra parba chega o agasallo; pro, por un pouco mais poideron arrematala. Faltaron seis netos de viño pra mollar a palleta".

As preferencias do público que asiste ós certames e a difusión dos nomes dos gaiteiros premiados, ben oralmente ou a través dos periódicos, dá lugar a que comisións de festas, corporacións, gremios..., requiran desde puntos lonxanos ós gaiteiros máis afamados –ás veces en detrimento dos locais– na procura dunha meirande solemnidade para as súas festas. Feito que moitas veces conleva unha pugna e rivalidade entre localidades veciñas pois se uns traen un gaiteiro de sona e, mellor aínda, recentemente premiado nalgún certame importante, os da parroquia ou localidade veciña non quererán ser menos.

Precisamente os certames, ás veces ben dotados economicamente, son unha oportunidade para facerse cuns ingresos –aparte do prestixio e sona que podían acadar neles coa conseguinte influencia na cotización posterior– que reforzaran a súa economía non sempre aboiante. E que o gaiteiro non é un profesional en estricto senso. As actuacións ó longo do ano son escasas e anque cobra nas romarías, festas e outras celebracións, non vive exclusivamente desa adicación, desempeñando a cotío os oficios máis dispaes, sempre dentro da economía rural tradicional: labregos, taberneiros, tendeiros, muiñeiros, ferreiros –caso do noso Rilo ou do famosísimo de Soutelo, quen aprendeu este oficio nos anos mozos–, son as ocupacións normais cando non

---

(5) *O Tío Marcos da Portela*, parrafeo 242. Ourense, 19-VIII-1888.



Do álbum do humorista Manuel Roel.

son contratados. Algúns, como un paisano máis, recalarán na emigración, onde moitas veces seguen a tocar para as colectividades galegas de América (caso de Castor Cachafeiro, o Soutelo pequeno, emigrante a Venezuela), ben en solitario ou formando grupos.

Só moi tardiamente e durante un tempo, algúns gaiteiros de sona –un grupo moi reducido dentro do conxunto dos gaiteiros do país– acadan a profesionalización, debido á boa demanda que gozan polo seu prestixio. Exemplo paradigmático son os famosos Gaiteiros de Soutelo na década dos 20 e 30, con actuacións en teatros, xiras a Buenos Aires, reclamados pola colectividade galega, chegando a grabar seis discos. Os Tempranos de Eirís, da Coruña, e Os Dezas, de Lalín son os primeiros en anunciarse na prensa –preferentemente a galeguista– polos anos trinta.

Esta profesionalización vai moitas veces en detrimento da pureza musical orixinal, adecuándose –como xa fixeran Ventosela e outros– ás novas modas e bailes alleos que substitúen nas festas e romarías a solta polo "agarrao". Asimesmo as actuacións en teatros –coidamos que introducidas polos coros como un número máis do programa– convertían ó público en espectadores pasivos e non eran do agrado dos puristas, que coidaban desvirtuada a función da gaita e o gaiteiro. Otero Pedrayo facíase eco desta actitude: "*A gaita desque se fai profesional e se afoga en locais pechados, ten amingado un pouco do seu prestixio. Na campía e na aldeia hai sempre no silencio vaxetal e cósmico ou o balbordo das augas, ventos e traballos, un tema de gaita*" (6).

O gaiteiro rural desempeña moitas veces na súa comunidade unha función de conselleiro e incluso de animador. As súas frecuentes viaxes polo país ou polas bisbarras próximas con motivo de actuacións, nunha época na que poucos viaxan, convérteo nunha persoa importante e distinguida na aldea, que trae as novas doutros sitios. Por tal motivo téñeno por persoa sabida á que se poden pedir consellos e opinións. Ademais soe ter boas cualidades de narrador, ás veces incluso como copleiro, o que o fai imprescindible nas reunións e conversas das longas noites de inverno aldeán.

Das cualidades e características do papel e do comportamento social do gaiteiro, as súas virtudes e os seus defectos, temos boas mostras no refraneiro e na literatura, especialmente na poesía. O repoludo gaiteiro de Rosalía ten un aquel de señorío e elegancia, e é un falso galán sedento de amores e enganador. Labarta Pose apréséntanos dous tipos diferentes de gaiteiro: un amigo da troula, bo conteiro e bebedor, mentres que a outra cara represéntaa aquel gaiteiro de Baio, pobre Xan, que remata traxicamente na emigración coa súa gaita, vencido pola vida. Curros canta ó "gueiteiro" de Penalta como prototipo de galán, moi semellante ó de Rosalía mais ollado dende un punto de vista masculino. O poeta semella identificarse coas características que considera positivas do gaiteiro: arrogante, a cabeza ergueita, elegante, pícaro, burlón, roubador de bicos... O noso gaiteiro Rilo, recriado nun soneto por Vales Villamarín, tampouco é alleo a algunhas destas características reais ou maxinadas: fachendoso, bó narrador, Xoán Tenorio namorando, un Marcial na elegancia enxebre, depositario de coñecimentos máxicos e medicinais...

A profesionalidade e facerse valer do gaiteiro é ben vista, alomenos no refraneiro, como unha garantía de calidade, por iso "*o gaiteiro que toca de valde, un ichavo pra que empece e dez para que remate*". E se unha das cualidades que o refraneiro lle apón é a de "celestino" –"*o bó gaiteiro sempre foi bó casamenteiro*"–, a súa presenza nos

---

(6) Otero Pedrayo, art. cit. en nota 3.

casoiros será imprescindible. Na voda en Eibó que cantara Curros, o gaiteiro é un personaxe omnipresente na cerimonia: ó saíren os noivos da igrexa "ó son peccador da gaita", incansable durante o banquete no que "toca tocata cen", e aínda no medio da fartura momentánea o gaiteiro é de bon pasar "qu'unque toc'a secas, toca", porque xa di o refraneiro que "a gaita quel-o gaiteiro" e non debe estar parada mentres haxa quen poida escoitala. Mais tamén noutros momentos máis tristes o gaiteiro pode ser requerido. Así, vémolos en Lamas Carvajal que nos presenta ó gaiteiro tocando no enterro dun "anxeliño".

Normalmente o gaiteiro adoitaba tocar só, ou en todo caso, acompañado dun tamborileiro. Xa máis recentemente, cando forman grupo, acostuman seren membros da mesma familia ou varios da familia co engadido dalgún veciño: Os Beiros, Os Trintas, Os Tempranos de Eirís, Os Rosales de Rianxo, Os Cachafeiro de Soutelo, Os Freires de Oza...



O gaiteiro Rilo. Programa de festas de San Roque de 1902.

## MANUEL RILO. APUNTES BIOGRÁFICOS

De Manuel Rilo Pardo, tal era o nome completo do noso gaiteiro, díxose e así figura en letra impresa que era betanceiro. Témolos visto citado como "Rilo de Betanzos". De feito, na derradeira década do século XIX aparece aveciñado na parroquia betanceira de Pielada, tal como consta nalgún documento e na prensa local. Mais, anteriormente, pola década dos 80, refírense a el como veciño da parroquia de Salto, no concello de Oza. E nesta parroquia tería lugar o seu pasamento e dela proceden os seus descendentes.

Para solventar esta dúbida –de importancia relativa– sobre a orixe de Rilo así como a súa data de nacemento, acudimos ó Arquivo parroquial de Salto, onde nos constaba o seu pasamento e enterro (7).

Polos datos obrantes na Acta de Defunción sabemos que Manuel Rilo Pardo nacera na parroquia de Cines ou Cis, fillo da moza solteira Antonia Rilo e estaba viúvo de Manuela Couso Lareo. Finou de morte natural o dazaséis de maio de 1907 en Salto, de onde era veciño, sendo soterrado á mañá seguinte, á idade de setenta e oito anos "poco máis o menos".

Segundo a idade que se lle adxudica na Acta devandita, Rilo tería nado no 1829, aproximadamente. Mais, resulta que na Acta do seu matrimonio con Manuela Couso Lareo, celebrado en Salto en 1881, figura con corenta anos, polo que, segundo iso, tería nado no 1841. Este desfase de doce anos non é doado de explicar a non ser que o "poco máis o menos" da Acta de Defunción sexa máis ben menos. Ou que o propio

(7) Aproveitamos aquí para agradecer ós párrocos de San Pedro de Oza, matriz de Santo Tomé de Salto e ó de Cines, as súas atencións e facilidades para consulta-los libros parroquiais.

Rilo no intre das nupcias –que para el eran segundas, pois xa era viúvo– con Manuela Couso, de trinta anos e máis xove ca el, declarara menos anos dos que en realidade tiña.

Para clarexa-la data real do seu nacemento consultamo-los libros de bautismo da parroquia de Cines sen resultado algún, pese a comprobar un período de vinte anos, entre 1825 e 1845. ¿Será que Rilo non foi bautizado en Cines e si noutra parroquia veciña?

Rilo era ferreiro de profesión, aínda que nun medio rural no que se desenvolvía tamén se desempeñaba como labrego e tiña algún gando para completar unha economía familiar de subsistencia. Cóntase que nunha ocasión mercou un boi cos cartos gañados nun certame en Santiago. Na tradición familiar do gaitero fica memoria da súa pericia manual –dise que el mesmo fixera o roncón e o punteiro de buxo da súa gaita–, das súas cualidades como copleiro popular, gostando de cantar os Nadais e os Reis, e como narrador inxenioso, sendo solicitada a súa presenza en actos festivos. O corresponsal en Betanzos dun xornal coruñés informaba ó comenza-lo ano 1895 que "*Rilo, el célebre gaitero, fué el encargado de pronunciar el sermón en el baile de la Alhóndiga, y excusado es decir, dada su buena sombra, que estuvo graciosísimo*" (8).

Nunha ocasión, nun certame de gaitas en Santiago, xa velliño, dirixiuse deste xeito ó público antes da súa actuación, quizais tentando darse ánimos:

«Teño setenta e dous anos  
ben mo din as miñas cañas  
pero hame de dar valor  
o patrón destas Españas»

Parece que algún dos fillos e netos do gaitero tamén tocaban a gaita, mais non acadaron sona pese a ter tan bó mestre. Actualmente fican descendentes do vello gaitero en Oza, en grao de bisnetos e tataranetos, que levan o apelido Río, foneticamente moi similar ó de Rilo, este xa perdido na transmisión familiar.

Pola escasa iconografía que coñecemos do vello Rilo, seméllanos que o gaitero debía ser máis ben miúdo e pequeneiro, aínda que rexo. Unha nota caracterizadora da súa persoa eran unhas enormes patillas brancas que remataban anchísimas pendurándolle da faciana, así como un pícaro e inconfundible sorriso. Coidamos que é este personaxe o gaitero que aparece nunha fotografía de 1901 acompañando á danza betanceira do gremio dos labradores.

De Rilo deixounos este retrato literario o escritor Alfonso Pérez Nieva, testigo dun certame na Coruña no 1896, no que á par daquel, tocaron O Ventosela e O Carballiño:

«Allí junto deja oír sus aires, con su indumentaria clásica de calzones y montera, el Rilo, de Betanzos, una faz, entre paréntesis, galaica pura, de anchas patillas más que grises, pronunciada de facciones, soplando extrañamente con un solo carrillo...» (9)

O clasicismo de Rilo mantíñase tamen na indumentaria, que xa por aqueles anos tiña variado, abandonando moitos gaiteros o traxe tradicional "*por el imperio de la moda o por la decadencia de los tiempos*", como denunciaba en 1897 Camilo de Cela.

(8) *El Diario de Galicia*, sección "Ecos Brigantinos", por El Bachiller Hungarelo. A Coruña, 3-I-1895.

(9) "Por las Rías Bajas (notas de un viaje por Galicia)". A Coruña, 1900, páx 181-182. Existe reedición facsímil de 1989.





*O gaiteiro Rilo coa danza de Labradores. Programa de festas de San Roque de 1902.*

Xa en 1888, o enxebre *O Tío Marcos da Portela* poñía na picota ó heterodoxo Ventosela por troca-la monteira por unha gorra con galóns de ouro e lira, máis propia de músico de banda, sentenciando que "*si o aire d'o fol se l'escomenza rubir cabeza, malo, malo, malo*". A crítica a Ventosela e a súa irregular indumentaria tiña como colofón estas coplas ás que non debía ser allea a pruma de Lamas Carvajal, fundador, director, redactor e animador da publicación:

«Gaiteiro que lira e gorra  
gasta en troques de monteira,  
ha ser aínda que non queiras  
como gaiteiro unha porra,  
i múseco unha estragueira» (10)

E quizais se refira tamén ó de Ventosela e ós seus acompañantes ocasionais a crítica en verso que o semanario rexionalista lucense *A Monteira* facía un ano despois a uns gaiteiros de Ribadavia:

«Qu'en vez de monteira visten  
Unha gorra con galós  
Egual as qu'usan n-a vila  
Os porteiros y-aguacís,  
Mozos de fondas y-aurigas»

recomendándolles que vistan

«Aquel traxe qu'esquencendo  
Por disgracia vai Galicia» (11)

(10) Parrafeo 243. Ourense, 26-VIII-1888.

(11) *A Monteira*, núm 2. Lugo, 12-X-1889.

A presenza de Rilo nos numerosos certames que proliferan a finais do século pasado é constante. E a maior parte das veces para gañalos.

*La Voz de Galicia* dicía en marzo de 1906, con ocasión de ser contratado Rilo para as festas de Ortigueira –que debeu se-la derradeira ou unha das últimas actuacións súas– que o gaitero fora premiado en 20 certames. Mais, o propio Rilo, quen ó parecer soía falar en coplas, dirixíase deste xeito ó xurado dun certame en Compostela:

«Gañei vintaseís premios,  
viña por outro máis,  
si o merezo, señores,  
o Xurado o dirá» (12)

E debeuno merecer, pois no artigo que publicamos no Apéndice I dise que Rilo gañara "27 premios en otros tantos certámenes".

Temos noticia dalgúns destes certames importantes ós que se presentou Rilo: En 1882 participaba no Certame de Betanzos. En 1886 presentábase a disputa-lo premio no certame de Pontevedra promovido polo semanario *O Galiciano*. No de Compostela de 1893, celebrado na noite do 25 de Xullo, acadou o primeiro premio, consistente en cen pesetas. En Xullo de 1896, sen que conste o sitio, aínda que coidamos que é na Coruña, o corresponsal en Betanzos do xornal coruñés *La Mañana* daba noticia do trunfo de Rilo deste xeito:

«No debe extrañar la redacción de La Mañana que nuestro famoso gaitero Manuel Rilo de Piadela (Betanzos) haya ganado el primer premio al celebrado de Ventose-la, porque Rilo cuenta por docenas los premios obtenidos en públicos certámenes. Y eso que ahora va viejo, faltándole las fuerzas y sobrándole el buen humor, pues también tiene la especialidad de cantar intencionadas coplas al son de la gaita excitando la hilaridad del más estoico» (13).

Xa no certame compostelán de Xullo de 1900 Rilo tívose de conformar co segundo premio.

Das actuacións en Betanzos do gaitero Rilo temos máis comprida información a través da prensa local ou coruñesa. Especialmente nas festas de San Antón Abade, patrono do gremio dos labregos, aparece Rilo tocando a gaita ó longo da década dos noventa do século pasado, o que nos fai pensar nun deses contratos de por vida, ou por varios anos, coa cofradía ou gremio organizador. Esta festa, celebrada o 17 de Xaneiro, día do santo, aínda que se ten ampliado algúns anos do 16 ó 18, contaba, ademáis da función relixiosa e da música, cun ritual consistente no sorteo dun porco que era cebado para a ocasión e andaba ceibo polas rúas, alimentado polos veciños. Esta tradición da rifa do porco de San Antón –existente tamen noutras poboacións galegas– databa de 1816, segundo o historiador local Martínez Santiso (14), desaparecendo nos anos coarenta deste século, si ben xa durante a II República deixara de realizarse algún ano.

Rilo acompañaba coa gaita todo o ceremonial da rifa do porco, que ás veces remataba nunha procesión ou paseo, presidido por cofrades e gaitero, ata a casa da persoa agraciada para entregarlle o animal, caso de ser da vila. Mais non paraba aí a

(12) Transmitidas de xeito oral polos descendentes.

(13) *La Mañana*, diario liberal conservador. A Coruña, 15-VII-1896.

(14) "Historia de la ciudad de Betanzos", px 432. Betanzos, 1892 (existe reedición facsímil de 1987).

# Certámen Musical

## DE GAITAS DEL PAIS

CANTOS POPULARES GALLEGOS

QUE TENDRÁ LUGAR

EN LA CIUDAD DE BETANZOS

EL DÍA 15 DE AGOSTO DE 1881.

La Sociedad coral Orfeón Brigantino de esta Ciudad desea contribuir en cuanto esté á su alcance al mayor desarrollo y popularización del arte musical, y deseando asimismo cooperar en lo posible á la celebración de las fiestas que anualmente tienen lugar en este pueblo dedicadas á su ilustre patrono tutelar el GLORIOSO SAN ROQUE los días 14, 15, 16 y 17 de Agosto, ha acordado en Junta de 28 de Febrero, según lo dispuesto en el art. 100 de su Reglamento, celebrar un Certámen musical de gaitas del país y cantos populares gallegos con arreglo á las siguientes bases:

1.º

Se adjudicarán tres premios en metálico: el primero de 80 rs. al individuo que mejor ejecute una alborada; el segundo de 60 rs. al que mejor ejecute una muñeira y el tercero de cuarenta al que mejor cante un a-la-la ú otro cantar de los campesinos gallegos.

Se adjudicarán tres accésit de 20 rs. cada uno á los individuos que ejecuten ó canten y cuyo mérito sea inmediatamente inferior á los premiados.

2.º

Solo podrán tomar parte en este Certámen los gaiteros del país y los mozos de las aldeas de Galicia para la parte de canto.

3.º

Los gaiteros premiados tendrán obligación, á la conclusión del Certámen de recorrer las calles de la Ciudad ejecutando aires populares á su libre elección.

Los que no hubieren sido premiados se les abonará una gratificación por haber tomado parte en el Certámen.

4.º

El Jurado para la adjudicación de premios lo constituirán profesores de música de reconocida competencia é imparcialidad.

5.º

Oportunamente por medio de carteles y programas se anunciará al público el local y órden de la celebración del Certámen que tendrá lugar precisamente el 15 de Agosto del presente año.

6.º

Los que deseen tomar parte en dicho Certámen lo manifestarán por escrito ó de palabra al secretario de esta Sociedad, dejando razon de su nombre y domicilio para lo cual hasta el día 1.º de Agosto estará abierto el concurso.

Betanzos Marzo 12 de 1881.

El Vice-Presidente Interino,  
Domingo Tenreiro.

El Secretario,  
Jesualdo Martínez.

actuación do gaitero durante esta festa, xa que tocaba nas vísperas e logo ó día seguinte, animando os paseos e os barrios, ó remate da función relixiosa e no xantar dos cofrades. As veces tres días enteiros seguidos, sen darlle folgo á gaita, como dicía o cronista da de 1893: "...desde la mañana del 16 hasta la noche del 18 no cesó de soplar tan bien como el sabe hacerlo" (15).

Nada sabemos dos haberes que Rilo percibía polas súas actuacións. Nun balance de contas da Cociña Económica de Betanzos (16) aparece o gaitero como perceptor de 10 pesetas en 1895, sen que conste a razón. ¿Sería, quizais, por animar algunha festa para os acollidos nesta institución benéfica? Por esta época, aproximadamente, noutros lugares do país pagábanse 6 pesetas por día a un gaitero regular. E Rilo xa era citado na prensa betanceira con adxectivos louvadores como "afamado", "célebre", "laureado", "premiado en todos los certámenes", cando non varios á vez, polo que non extraña que cobrara bastante máis que un gaitero corriente.

Pouco antes de finar, Rilo foi ficando cego ó tempo que outras doenzas impedíanlo para o traballo. Quizais aconsellado por alguén, decide solicitar da Deputación Provincial coruñesa unha pensión para non morrer de fame. *La Voz de Galicia* facíase eco nun fermoso artigo da razón e xusticia que asistía na súa petición ó vello gaitero, "que de haber nacido en otro país lo hubieran elevado a algún puesto de honor" e que polos seus méritos e dedicación á música popular "bien merece un mendrugo de lo que se dispendia en cosas vanas" (17).

(15) *Las Mariñas*, núm 141. Betanzos, 22-I-1893.

(16) Vx. *El Diario de Galicia*. A Coruña, 31-V-1895.

(17) *La Voz de Galicia*. A Coruña, 4-VII-1906. Reproducido no Apéndice I.

Non sabemos se os señores deputados provinciais lle enviaron o "*mendruco*" ou se inzaron o capítulo de "*cosas vanas*". O certo é que Rilo finaba meses despois e non tería moito tempo para disfrutalo.

#### GAITEIROS CONTEMPORÁNEOS DE RILO

A finais do século XIX e primeiros anos do XX destacan en Galicia, ademais do propio Rilo, outros gaiteiros de sona e calidade. Os máis nomeados son Xan Míguez "O Ventosela", Roxelio Rodríguez "O Carballiño" e Antonio Castiñeira "O Fresco de Baio" que, xunto con Rilo, son os que adoitan sair a cotío na prensa da época, ben polos premios que acadan nos certames ou ben nos artigos e reportaxes que fan referencia ós gaiteiros.

Xan Míguez González (1847-1912), máis coñecido como "O Ventosela", lugar das terras do Ribeiro ourensán de onde era natural, foi sen dúbida –xunto co gaiteiro de Soutelo, este xa plenamente deste século– o gaiteiro máis famoso que tivo Galicia. Moi cedo a súa sona traspasa a comarca do Ribeiro, gañando numerosos e importantes certames dos que se celebraban nas principais vilas e cidades galegas. Solicitado fóra de Galicia, actúa en varias cidades españolas e incluso en París e Buenos Aires, a onde chegou xa con sesenta e un anos no 1908, obtendo un grande éxito nesta xira (18).

Antonio Castiñeira, de Baio, gozou de moita sona nas bisbarras próximas de Bergantiños e Xallas e nas vilas costeiras da chamada Costa da Morte. Quizais fose este "Fresco de Baio" o sucesor daquel no que se inspirou o seu paisano, o poeta festivo Enrique Labarta Pose, para escribir o poema *Pobre Xan! Pobre Xaniño! Pobre gaiteiro de Bayo!*, co que acadou un premio no certame literario celebrado en Betanzos no 1888.

Roxelio Rodríguez, do Carballiño, debeu tocar nalgunha ocasión a dúo co Ventosela –coñecemos unha fotografía na que están os dous xuntos coas súas gaitas e acompañados dun tamborileiro– do que foi discípulo destacado.

"Camilo de Cela", seudónimo de Modesto Fernández, protector nun tempo de Curros en Madrid, comparou a mestría de oficio e a personalidade dos tres citados e de Rilo nun coñecido e fermoso artigo publicado en 1897 e titulado *Los gaiteiros en Galicia*:

"A Antonio Castiñeiras, el Fresco segun unos, el Bayo segun otros, debemos la conservación, en toda su pureza, de La Alborada; á Juan Míguez, el de Ventosela, debemos la adaptación de la gaita á otras composiciones nacionales; á Rilo debemos la ejecución irreprochable de la Muiñeira sin variaciones extrañas; á Rogelio Rodríguez el de Carballiño, debemos el clasicismo gaitero.

El Fresco personifica el entusiasmo, Ventosela la ejecución, Rilo el amor al arte y Carballino el estudio de los buenos modelos.

El de Bayo es un maestro de cuerpo entero, desconocido para muchos por su modestia nativa; Ventosela un triunfador en la mayoría de los certámenes; Rilo un competidor temible por su aversión á floreoos musicales, y Carballino un discípulo de altos vuelos.

El primero tiene querencia las montañas de Corcubión; el segundo recorre Galicia y ambas Castillas; el tercero se hace de rogar y el cuarto gallea en tierra de Masidaos.

El Fresco se contenta con el aplauso rural; Ventosela aspira á la gloria ...eterna; Rilo apetece la aprobación de los doctos y Carballino tiende á la popularidad" (19).

(18) X(esús) A(lonso) M(ontero): "Ventosela", en *Gran Enciclopedia Gallega*, t.30, pág. 19.

(19) *Galicia Moderna*, nº 16. Pontevedra, 15-X-1897.



*O gaitero Ventosela co seu grupo.*

Dacordo con esta longa cita, Rilo debía ser un gaitero remiso a saír da súa bisbarra, tradicional na execución, nemigo de florituras e variacións alleas percurando a aprobación dos entendidos antes que o aplauso fácil.

A actitude de gaiteros clásicos e tradicionais como Rilo tiña os seus defensores, como tamén Ventosela tiña os seus partidarios, ó mellor máis preocupados pola diversión e os novos aires musicais que pola propia pureza musical. Os defensores da tradición eran en moitas ocasións os propios organizadores. Así, a convocatoria do Certame de Gaitas de Ourense, celebrado o nove de novembro de 1887 co gallo da inauguración da estatua do Padre Feixóo, especificaba na súa base 4ª que "*os gaiteros que aspiren ó premio deberán presentarse c'ó enxebre traxe d'o país, calzón, chaqueta e monteira*", proba de que xa moitos empezaban a deixar de lado a vestimenta tradicional. Asimesmo, na base 6ª ameazaba con que "*non serán ademitidas ó Certame as gaitas con claves*", das que ó parecer tanto gostaba Ventosela. Tamén no de Betanzos de 1906 prohibíase "*toda clase de gaitas de moderna construción como son las de llaves, las requintadas, etc y podrán ser acompañadas indistintamente por tambor o caja*". Ademais, os gaiteros deberían vestir "*el característico traje de nuestras Mariñas*" (20).

Rilo representaría a tradición fronte á modernidade que introducían Ventosela e outros, unha modernidade mal asimilada que recollía innovacións que non respetaban a tradición e mesmo rachaban abertamente con ela.

Aparte dos citados, outros gaiteros contemporáneos de Rilo destacan por Galicia adiante: De Xan Amil apenas sabemos que era de Beade, tamén do Ribeiro ourensán —resulta curioso comproba-la supremacía dos gaiteros desta bisbarra entre os máis

(20) La Aspiración, nº 115. Betanzos, 16-VI-1906

afamados deste tempo-, e que contendía a finais do século pasado en certames co propio Ventosela. No xa citado certame de Tui de 1890 acadaban premios os gaiteiros Xosé Alonso, de Rebordáns, Miguel González, de Ribadetea, e Florentino Pérez, de Páramos. Desta volta, tódolos participantes presentáronse "*de calzón, monteira e chaqueta*" (21). Nos anos de entreséculos, o gaiteiro de Caldas de Reis, Antón González Silva, ten sona de tocar gratuitamente –o que corrobora que tiña outra actividade ou ocupación profesional– e de interpretar maxistralmente a "Alborada" de Veiga.

"Chumín de Céltigos" (1823-1911), do que fala Enrique Chao Espina nunha das súas obras (22), foi un gaiteiro moi popular polas bisbarras de Viveiro e Ortigueira. Chumín debía ser un gaiteiro tradicional, alleo a innovacións, a xulgar polo sarcástico comentario co que enxuzaba a Ventosela, quen empregaba chaves no punteiro para da-los semitonos: "*Ventosela, Ventosela. Moita chavería na canaveira*".



*O gaiteiro de Guillarei  
no 1904.*

Deste Chumín conta Chao Espina unha anécdota que houbo rematar en traxedia ó atoparse o gaiteiro cun lobo á noite pecha, de volta dunha festa. O son que emiteu o roncón ó apretar Chumín involuntariamente o fol contra o brazo, asustou ó lobo que fuxiu facendo espaventos, despois de ter acorralado ó gaiteiro un bó anaco. O tema do lobo e a gaita é, por outra parte, moi recorrente no folclore.

Perfecto Feixóo, "O gaiteiro do Lérez", boticario de profesión, pioneiro e creador dos coros galegos, animador do por el creado en Pontevedra, acadou sona tamen como gaiteiro nos anos finiseculares, maila súa faceta de erudito e estudoso da música tradicional e da gaita alórxano da figura dos gaiteiros populares que estamos a tratar.

Na bisbarra betanceira temos noticia dalguns gaiteiros coetáneos de Rilo. Da parroquia bergonesa de Lubre era Xacobe Calvo Abruñedo, quen levaba no 1893 un accésit interpretando a "Alborada" nun certame celebrado en Betanzos. Da propia vila de Betanzos, ou do concello, eran Rafael Fandiño, Ramón Vázquez Barallobre e Francisco Rodríguez. O primeiro participa nun certame de gaiteiros celebrado en Betanzos con motivo das festas patronais de 1882, gañándolle ó propio Rilo na interpretación do "Alalá". Dos outros dous gaiteiros betanceiros sabemos que en agosto de 1900 eran contratados polo concello coruñés para recibir ós Reis de España en visita á Coruña.

Unha saga familiar de gaiteiros constituíana os Manso –Manuel, Andrés e Nicolás– da parroquia de Collantres, lindeira con Betanzos, que acaparaban premios nos certames celebrados na vila betanceira. No 1908, a un dos Mansos –sen que poi-

(21) *A Monteira*, nº 30. Lugo, 26-IV-1890.

(22) E. Chao Espina: "De Galicia en el pasado siglo XIX". 1972.

damos especificar cal deles— pretendíao contratar a colectividade galega de Sevilla para un festival que se ía realizar nesta cidade, segundo noticiaba *La Voz de Galicia* (número do 12 de abril de 1908). Esta saga familiar chegaría case ós nosos días, nunha tradición ininterrumpida que rematou con Francisco Manso, o célebre "Cafú".

Voltando ó certame citado de 1882, e por tratarse do único celebrado en Betanzos do que temos noticia da participación de Rilo, imos deixar constancia dos premiados nesa ocasión por acordo unánime do xurado:

No tema da "Alborada", o primeiro premio foi para Manuel Manso e o segundo para Rilo, obtendo un accésit Andrés Manso. No tema da "Muiñeira" gañou Nicolás Manso González, mentres que o segundo foi para Manuel Manso, cun accésit para o tamborileiro que o acompañaba. No tema do "Alalá", como xa dixemos, Rafael Fandiño arrebatáballo o primeiro premio a Manuel Rilo, quen se tivo de conformar cun accésit (23).

Desta dura competencia dos gaiteros da súa bisbarra e do pequeno fracaso deste certame betanceiro, Rilo habíase desquitar folgadoamente, acaparando numerosos premios nos máis importantes certames de Galicia en reñida competición cos gaiteros máis importantes do país naquel tempo.

## LEMBRANZA E MEMORIA DO GAITEIRO RILO

Despois da súa morte, a figura e a sona de Rilo fóronse esvaíndo de vagariño. Outros gaiteros novos viñan reemprazar ás vellas glorias.

Manuel Rilo non tivo ademais a sorte de ser inmortalizado por un Curros ou un Labarta, caso do gaitero de Penalta ou do de Baio. Con todo, mereceu que un malogrado poeta local do seu tempo, o betanceiro-cubano Fernando García Acuña, se ocupara del nun par de poemas que ficaron esquencidos en revistas da época e que aproveitamos para recuperar.

O primeiro, publicado na revista pontevedresa *Extracto de Literatura* (núm 11, 18-III-1893), é un eloxio paralelo que adica ó gaitero e a un avogado de Betanzos —advertimos un certo sarcasmo cando se refire a este personaxe— que tiñan en común o nome e o apelido. Inclúe unhas notas ó marxe intercaladas polo propio autor:

### LOS DOS RILOS (\*)

#### El primero

No hay como tu otro gaitero  
aquí en la región galaica;  
tienes premios á docenas  
por tus tiernas alboradas.  
Y, según dicen maestros  
muy pagados de la pátria,  
eres quien mejor la toca  
en todita la comarca

.....  
Mi sincera enhorabuena,  
y adelante con la gaita!

(23) *La Ilustración Cantábrica*, t. IV, nº 24. Madrid, 28 de agosto de 1882.

### El segundo

Es usted un gran abogado  
y admiro su ciencia innata  
de la cual no hay un ejemplo  
aquí en la región galaica.  
También usted tiene premios  
por la ciencia y no la gaita;  
y si el paralelo vale,  
viva la Peristomática! (\*\*)

(\*) Manuel Rilo; así se llama el célebre gaitero de Las Mariñas y el SABIO abogado de Betanzos.

(\*\*) Sociedad á la que dicen pertenece el JURISCONSULTO.

Coidamos que este tocaio do gaitero era Manuel R. Rilo, quen vivía nunha das casas que foi derrubada para ensancha-la Porta da Vila e ó que a prensa local se refería, no intre do seu pasamento no 1905, como o "*rico propietario y antiguo abogado, cuya personalidad adquirió saliente relieve por sus genialidades y buen humor*" (24).

O segundo poema, publicado na mesma revista pontevedresa (núm 32; 12-VIII-1893), adícallo García Acuña ó gaitero con motivo do certame gañado por Rilo en Santiago nas festas do Apóstolo do ano 1893. O poeta enteirouse do éxito do seu paisano nas terras rioxanas de Cameros, onde á sazón exercía como médico:

### POR EL CABLE

He sabido por los diarios  
nacionales y extranjeros  
y de la *Pátria chiquita*  
de los fueristas gallegos,  
que el ínclito Manuel Rilo,  
el *mariñano* gaitero  
que como nadie maneja  
con el *roncón*, el *punteiro*,  
ya tocando la *alborada*  
y los aires de ese suelo,  
haciéndole competencia  
al divino Dios Orfeo,  
ha conseguido en Santiago  
con su gaita el primer premio  
por lo cual, desde esta tierra  
castellana de Cameros  
en donde nació Sagasta  
que toca otros *instrumentos*  
con Pasquín y con Gamazo  
y los demás compañeros,  
(músicos con doble escala  
en la esfera del Gobierno)  
envío mi enhorabuena  
al *loueirado* gaitero  
celebrando que la toque  
muchos años, con el premio.

(24) *La Aspiración*, n° 60. Betanzos, 8-VI-1905.



El Jurado del Certamen de gaitas,  
 constituido en la noche del 25 de Julio de  
 1893, dia de la festividad del Apóstol  
 Santiago, acordo por unanimidad con-  
 ceder el primer premio, consistente en  
 cien pesetas, al gaitero Manuel  
 Rilo Pardo, vecino de Piadela - Betanzos.

208.

Santiago 26 de Julio 1893.

*[Signature]*

*[Signature]*

*Contracapa do díptico editado polo Grupo Xuvenil de As Pontes en xullo de 1987. Documento asinado polo Alcalde de Santiago que acredita a Rilo como gañador do Certame de 1893.*

No 1927, nunha obríña case descoñecida (pois foi publicada en folletín nunha publicación da emigración) que leva por título *A festa de Santa Marta de Babío*, o mestre betanceiro Xoán Díaz Fernández adicáballe estas liñas ó gaiteiro:

"...  
 Bailábas'o son d'a gaita  
 De Rilo, o mellor gaiteiro  
 D'esta terra galiciana,  
 Qu'unque vello a Ventosela  
 Venceuno n'a gran batalla  
 Que se dou alá en Madrid  
 Entr'os gaiteiros de fama  
 ..." (25)

(25) X. Torres: "Unha novela ambientada na bisbarra betanceira", en *Programa de Festas Patronales*. Betanzos, 1982.

Pouco despois, o cronista e erudito betanceiro Francisco Vales Villamarín, quen non se prodigou especialmente na poesía, dedicoulle un soneto en galego co título *O vello Rilo*. Eis o soneto:

### O VELLO RILO

Nacéu –según é fama– aturuxando  
e facéndolle chiscos á parteira.  
Ensinoulles ós merlos a muiñeira  
cando de pequerrecho iba c'o gando.

Foi un don Xoan Tenorio, namorando,  
e un Marcial de calzón e de monteira,  
e contaba no adral e na lareira  
historias da "facciión" e o rei Fernando.

Sabía de memoria o Ciprianillo,  
libraba da tirís e o garrotillo,  
conxuraba os meigallos e o tronante...  
E nas romaxes d'este chan saudoso  
como gaitero enxebre e fachendoso,  
non lle puxo ningun nunca o pé diante.

E si o gaitero de Soutelo, Avelino Cachafeiro, foi inmortalizado nada menos que por Castelao nun célebre deseño, tamén a figura de Rilo servíu para dar cauce ás inqedanzas artísticas do betanceiro Xosé Veiga Roel, quen fixo un debuxo a pruma do gaitero moitos anos despois de finar Rilo. Veiga debeuse basear nalgunha fotografía ou nunha descripción oral, xa que este non debeu coñecer –por razóns cronolóxicas– ó vello petrucio. En todo caso tería unha vaga lembranza de velo de neno tocar polas rúas de Betanzos nas festas patronais ou no día da rifa do porco de San Antón.

O debuxo de Veiga, en grande formato, estivo un tempo exposto no escaparate do comercio familiar do artista. Moitas persoas de Betanzos e Oza comentáronme lembrar este suceso.

Sen que poidamos precisa-la data, aínda que debeu ser polos anos trinta, o cronista Vales Villamarín (26) publicou un díptico da súa serie *Estampas betanceiras* co citado soneto da súa autoría, acompañado da reprodución do debuxo de Veiga Roel, que posteriormente habería ser reproducido en varias ocasións. Hai pouco soubemos doutro retrato que Veiga Roel fixo do gaitero e que lle dedicou ó escritor e humorista betanceiro Manuel Roel no seu álbum persoal. Por xentileza da familia deste, reproducímolos por primeira vez neste traballo.

Afortunadamente, nos últimos anos estése a recupera-la figura esquencida do gaitero Rilo, de quen algúns que ouviran falar del xa tiñan máis por lenda que por personaxe real. Así, o vintaseís de xullo de 1986, no marco das festas do barrio da Ponte en Ourense, tivo lugar a "I Xuntanza de Grupos e Bandas de Gaitas do País" á que

(26) Pouco antes do seu pasamento, Vales Villamarín comentoume a súa intención de facer un traballíño sobre Rilo, personaxe ó que tiña querencia. A tal fin solicítoume algún dato que eu lle dixera posuir e enviárame unha copia. O traballíño en cuestión ficou nun proxecto coma outros nos que andaba a traballar, pois a morte levaríalo meses despois. Quizais entre os seus papeis se atope algunha nota sobre el.

# 3<sup>o</sup> CERTAME de grupos e bandas

de galegos



XOENES

25  
Xallo

# OILAS PONTES

ORGANIZA

**GRUPO XUVENIL DE AS PONTES**

AXUDAN

**CONCELLO DE AS PONTES E COMISION DE FESTAS**

*Capa do díptico editado polo Grupo Xuvenil de As Pontes en xullo de 1987, reproducindo un debuxo do gaiteiro Rilo da autoría de Veiga Roel.*

acudiron 225 gaiteiros pertencentes a doce grupos de toda Galicia. A Xuntanza en cuestión estivo dedicada en "*homenaxe e lembranza ó que fora un dos gaiteiros máis importantes de Galicia de tódolos tempos, o popular 'Rilo de Betanzos', gracias a quen consérvanse hoxe numerosas pezas populares*" (27). A homenaxe fíxose na persoa dun tataraneto do gaiteiro, Xoán Carlos Río, quen recolleu os agasallos da organización e os aplausos do numeroso público congregado.

Ó ano seguinte, o Grupo Xuvenil de As Pontes de García Rodríguez, con ocasión do "III Certamen de Grupos e Bandas de Gaiteiros Xóvenes" por el organizado, rendeu unha singular homenaxe a Rilo. O coñecido e citado debuxo de Veiga Roel foi o motivo central do cartel que editaron para anunciar este evento, por máis que un erro involuntario dos organizadores impediu que o nome do gaiteiro figurara ó pé da súa imaxe no cartel, permanecendo anónima a efixie do petrucio gaiteiro. Asimesmo publicaron un díptico que volve a reproducir na súa portada o cartel, ó tempo que reproduce na contra-capá un documento de 1893 que acredita a Rilo como gañador do certame celebrado en Compostela nas festas do Apóstolo dese ano.

Un grao de area máis na recuperación da memoria do vello gaiteiro é o artigo publicado por este que suscribe nas páxinas do semanario *A Nosa Terra* (núm 330. Vigo, 30-XII-1987), co título *O gaiteiro Rilo*. Tamén compre citar a recuperación da partitura da Muiñeira de Piadela, transcrita por Xoán Carlos Rilo e publicada no *Anuario Brigantino* de 1987, reproducida do *Anuario da Gaita*. Coa interpretación desta muiñeira, que debeu ser unha creación do propio Rilo, o vello gaiteiro acadara o primeiro premio no certame de gaitas celebrado en Compostela no ano 1893 e do que xa falamos anteriormente.

Na actualidade existe un grupo de gaiteiros, orixinarios de Oza e emigrantes no país Vasco, coñecidos como Os Rilos de Basauri, que adoitan actuar en Galicia nas vacacións de verán, téndoo feito en varias ocasións nas festas de San Roque de Betanzos. Mais, segundo as nosas noticias, pese a orixe e apelido común –o que pode confundir a alguén–, non teñen parentesco algún co vello Rilo aínda que, dalgún xeito, se consideren herdeiros da súa arte e tenten recuperala, caso da xa citada transcripción feita por un dos seus integrantes e que o grupo interpreta.

Coidamos que a figura do noso vello gaiteiro está aínda pendente da recuperación e homenaxe que merece. Neste senso convidamos ó Concello de Oza dos Ríos –sen esquecer ó de Betanzos na parte que lle toca– a saldar unha débeda cun dos seus fillos máis humildes e ilustres que foi, no seu tempo, fidel representante e compendio da nosa cultura popular. Homenaxeando e relembando a Rilo recuperamos parte da nosa memoria e da nosa cultura.

\*\*\*

---

(27) *La Región*. Ourense, 27 de xullo de 1986, páxinas centrais.

## APÉNDICES

### I. ARTIGO ANÓNIMO SOBRE O GAITEIRO

¿Quién no conoce a Rilo, el veterano gaitero de Las Mariñas? "Dendes do Lérez lixeiro ás veigas que o Miño esmalta" ha cundido la fama del viejo tañedor. Con su castiza monteira la-deada, sus patillas grises, recio el cuello y macizos los hombros, Rilo ha sido una figura de singular relieve en romerías y en foliadas, no solo en el solar mariñán, sino en todos los rincones de Galicia. Ventosela y Os Trintas, sus rivales modernos no han llegado más allá que él en alas de la fama, pero fuerza es confesar que aquello que nos han hecho oír no es la gaita gallega; aquello es un instrumento mezcla de oboe o clarinete con llaves y otros recursos y martingalas que han permitido el salto brusco de los aires del país a las tonadas flamencas.

Rilo es el verdadero, el enxebre gaitero. Sus elementos de ejecución no son otros que el roncón, el ronquillo, el puntero y la palleta, sin otros recursos. Y de tan capados auxiliares sacaba Rilo cada alborada y cada muiñeira que extasiaba a los propios y enternecía a los extraños.

Pero el viejo gaitero ya no toca. Sus dedos, ayer ágiles no repiniquean galaicas melodías, sus carrillos antes coloreados y sanos no se hinchan para arrancar al primitivo instrumento vigorosas y largas notas. Rilo se ha quedado ciego y la vejez agarrota sus músculos y doblega su torso. Así lo dice en una sentida exposición que eleva á la Diputación Provincial en súplica de una pequeña pensión para no morir de hambre.

Y un hijo de Galicia que ha ganado 27 premios en otros tantos certámenes, que rústico y todo ha sido durante 70 años un virtuoso de los aires regionales, que de haber nacido en otro país lo hubieran elevado a algún puesto de honor, bien merece un mendrugo de lo que se dispendia en cosas vanas.

*(De La Voz de Galicia. A Coruña, 4-VII-1906)*

### II. NUESTRAS MARIÑAS. UN DIA EN SAN PEDRO DE OZA

... Algo guiaba nuestros pasos hacia aquel lado, porque allá en una pequeña hondonada, conocíamos solariega y humilde choza sombreada por copudos castaños y habitada por un anciano, de estatura pequeña, faz surcada de arrugas que acariciaban argentíferos hilos de su blanca barba, coronada por larga y desdeñosa cabellera, cuyos ligeros rizos salían bordeando típica monteira, formando con el pantalón corto y la chaquetilla digno conjunto, que le daba verdadero aspecto de patriarca de nuestra tierra gallega.

Era el viejo Rilo, el afamado gaitero, que supo con dulzura acariciar en sus labios y estrechar cariñosamente en sus brazos el conservado fol de aquella gaita de melodiosa música, casi siempre risueña, alegre y retozona, y a veces triste y melancólica, como esa música del alma campesina que lo mismo canta el dulce despertar del día, que el sonriente palidecer de la tarde, con sentido, pero sí, encantador arpegio, el suave trino de nuestro hermoso á la...lá.

Mas, aquel venerable anciano que supo siempre, con su amado instrumento alegrar aquella casucha, la aldehuela, el partido y la provincia, la región y traspasar con sus mismas notas el eco de nuestras canciones al resto de nuestra patria, ya no podemos encontrarle allí; ha muerto, mejor dicho ha pasado vivir en la región de los ángeles, que ansiosos le esperaban, para que formando parte de su coro dejase oír el tierno son de su gaita, que por algo en el Cielo sabe distinguirse lo bueno de lo malo.

Los buenos gallegos, los que amamos lo nuestro, como nuestro y lo de los demás como de los demás, no podemos olvidar al famoso gaitero. El nombre de Rilo, no muere y si mientras historias regionales no supiesen recoger en sus páginas estas glorias, quedan aún otras páginas más gallegas y tan gloriosas que no se escriben, pero cuyo recuerdo perdura grabado en el corazón de todo gallego.

Sin embargo no quisimos pasar sin entrar en la casita; nos parecía rendir una deuda de gra-

titud adquirida anteriormente, y entramos.

Una buena mujer cubierta de enlutado traje, nos recibe atentamente. En su rostro se advertía deseo de sonreír sin poder casi conseguirlo, tal vez nuestra presencia trajese á su memoria tristes recuerdos, quizás nuestras preguntas pudiesen ser indiscretas, y preferimos despedirnos para seguir nuestra excursión, no sin antes haber sabido de aquella amable mujer, que la gaita que su padre había tocado tanto tiempo, permanecía como objeto inviolable, durmiendo profundo sueño en el fondo de un armario. (...)

*M. Vázquez Seijas*

*(De La Defensa, n° 60; Betanzos, 22-IX-1907)*

### III. ACTA DO SEGUNDO MATRIMONIO CANÓNICO DE RILO

(ó marxe)  
Tablas  
Manuel  
Rilo, viudo  
con  
Manuela  
Couso La-  
reu

En la Iglesia parroquial de Sto. Tomás de Salto á dos de Abril de mil ocho cientos ochenta y uno; en el Arzobispado de Santiago, Provincia de la Coruña y Ayuntamiento de S. Pedro de Oza: Yo, D. Baldomero Somoza, Cura propio de la dicha parroquia; previas las tres canónicas mociones de ambas partes y tambien carencia de noticia de impedimento que se opusiese a lo lícito y valido del Sto. Matrimonio: asistí al que contrajo Manuel Rilo, viudo de cuarenta años de edad, herrero de oficio, natural y vecino de S. Nicolás de Cines, hijo natural de Antonia Rilo natural y vecina que fué de la expresada de Cines ahora difunta, con Manuela Couso Lareu, soltera de treinta años de edad, natural y vecina de Salto, hija legítima de Ignacio Couso y Manuela Lareu naturales y vecinos que fueron de esta, difuntos. Fueron testigos José Rodríguez, vecino de Santiago de Betanzos, Manuela Vazquez y Carmen Uton, vecinas de esta. No recibieron la bendición nubcial por ser tiempo impedido. Todo ello para que conste lo estendí en este libro de partidas matrimoniales.

*Baldomero Somoza Codesido*

*(asinado)*

*(Parroquia de Salto. Matrimonios. Libro 3°. 1852, páx. 40)*

### IV. ACTA DE DEFUNCIÓN DE RILO

(ó marxe)  
N° 4°  
Manuel Rilo  
Pardo

En el cementerio parroquial de Sto. Tomás de Salto, ayuntamiento de Oza provincia de la Coruña, en la mañana del día diez y siete de Mayo de 1.907, yo, D. Eustaquio Porto, párroco de la misma, asistí a dar sepultura eclesiastica al cadáver de Manuel Rilo de setenta y ocho años poco más o menos de enfermedad natural que falleció en el día anterior. Era viudo de Manuela Couso Lareo, natural de Cines y vecino de esta parroquia e hijo natural de Antonia Rilo, difunta en la de Cines; no otorgó testamento; recibió los santos Sacramentos con los demás auxilios espirituales; se le aplicó misa de ánima y se le funeró con las funciones y asistencia de seis Sres Sacerdotes, se le cantará en las dominicas del año de responso de Qui Larar. Y para que conste lo firmo

*Eustaquio Porto*

*(asinado)*

*(Parroquia de Salto. Libro de Defuncions 4°. 1873 a 1923)*